



Caderno da crítica

Cuestionario Proust: Manuel Pereira Valcárcel

[Ramón Nicolás 9 Setembro 2015](#)

1.– Principal trazo do seu carácter?

-Certa calma.

2.– Que calidade aprecia máis nas persoas?

-A lealdade.

3.– Que agarda das súas amizades?

-Comprensión.

4.– A súa principal eiva?

– Demasiadas dúbidas.

5.– A súa ocupación favorita?

-Ler, conversar, camiñar.

6.– O seu ideal de felicidade?

-A proximidade das persoas que quero.

7.– Cal sería a súa maior desgraza?

-O infortunio das persoas que quero.

8.– Que lle gustaría ser?

-O que son.

9.– En que país desexaría vivir?

-No que vivo.

10.– A súa cor favorita?

-O granate.

11. – A flor que máis lle gusta?

-O pensamento.

12.– O paxaro que prefire?

-Os gorrións.

13.– A súa devoción na prosa?

-Moitas.

14.– E na poesía?

-Tamén.

15.– Un libro?

–*Sonata de primavera*, porque inaugurou o meu uso de razón literaria.

16.– Un heroe de ficción?

-Non creo moito nos heroes.

17.– Unha heroína?

-Nin nas heroínas.

18.– A súa música favorita?

-A de cantautores.

19.– Na pintura?

-Van Gogh.

20.– Un heroe ou heroína na vida real?

-As persoas que viven por debaixo do límite da pobreza.

21.– O seu nome favorito?

-María, porque foi o que escollín, en colaboración, para a miña filla.

22.– Que hábito alleo non soporta?

-A intransixencia, o sectarismo.

23.– O que máis odia?

-A enorme taxa de fame no mundo.

24.– A figura histórica que máis despreza?

-Calquera ditador de calquera época e condición ideolóxica.

25.– Un feito militar que admire?

-Absolutamente ningún.

26.– Que don natural lle gustaría ter?

-Oído musical.

27. – De que maneira lle gustaría morrer?

-Na miña cama.

28.– Cal é o seu estado de ánimo máis habitual?

-A serenidade.

29.– Que defectos lle inspiran máis indulxencia?

-Os que non son finxidos.

30.– Un lema na súa vida?

-Bos días, boas tardes, boas noites.